

PROCESO DE TRAMITACIÓN DAS LICENCIAS FEDERATIVAS TEMPADA 2019

Nesta tempada seguiremos utilizando o mesmo programa da tempada pasada, **todas as licenzas deberán ser aboadas antes da súa tramitación.**

Para tramitar as **licenzas de deportista** por un club, **primeiro debe estar tramitada a licenza do club.**

Os abonos dos deportistas que se federen por un club deben ser feitos polo club e terán a opción de aboar as licenzas no momento (a través da TPV), ou ben, a través de transferencia. No caso das transferencias debe estar o resgardo da mesma na Federación (vía email) para poder proceder á tramitación das licenzas. Os pagos a través da pasarela teñen acceso a factura no momento (a través do programa). Para poder proceder a facer a tramitación das licenzas, ós clubs teñen que estar ó día nas contas coa Federación

As licenzas dos/as deportistas becados no Centro Galego de Tecnificación Deportiva débense tramitar **no primeiro día hábil de Xaneiro** (solicitude a través do programa).

A aquel/a de quen non se teña a solicitude tramitaráselle a licenza como independente no día seguinte.

***Documentación necesaria para a tramitación de licenzas de club**

- Formulario de Solicitude cuberto coa sinatura orixinal (ou dixital certificada) selo do club

Os clubs novos, ou aqueles nos que produciñen cambios, deberán enviar e subir á plataforma, ademáis do formulario de solicitude:

- Copia da resposta do Rexistro de Asociacións Deportivas onde comunican a inscrición do club ou da sección.
- Copia do CIF
- Copia dos estatutos
- Copia da Acta de constitución do club ou sección.
- Copia da Xunta Directiva actualizada presentada no Rexistro.

*** Documentación necesaria para a tramitación de licenzas de Deportista, Técnico ou Oficial (esta debe ser subida no programa):**

- 1 Foto tamaño carnet
- Copia do DNI en vigor do/a deportista (dúas caras)
(Menores de idade- Ademáis do anterior engadirán Autorización según modelo normalizado, asinada pola nai/pai ou titor/a xuntando xuntando DNI do/a asinante.
No caso de non posuír DNI o menor, enviará copia do libro de familia.
(A plataforma admite un único documento en pdf, Word, jpg, ... pero con cantas páxinas se precise)
- Acreditación da titulación no caso de técnicos.

** Os deportistas independentes/técnicos e oficiais deberán facer o pago a través da pasarela de pago, no momento de tramitar a súa licenza no programa, ou ben, enviar o resgardo da transferencia bancaria á Federación.*

- **A licenza surtirá efectos 10 días despois da recepción desta documentación na FEGATRI.**

Nº de conta para o ingreso:
Federación Galega de P.M. e Tríatlon
Banco Sabadell ES37 0081 5223 16 0001338040

CUSTES DE LICENCIAS 2019

MENORES	15,00 €
CADETE 1º e 2º ANO	25,00 €
CADETE 3º ANO	43,00 €
JUNIOR(Independientes)*	88,00 €
SUB.23 (Independientes)*	98,00 €
ABSOLUTO (Independientes)*	98,00 €
VETERANO (Independientes)*	98,00 €
JUNIOR (Club)	71,00 €
SUB.23 (Club)	81,00 €
ABSOLUTO (Club)	81,00 €
VETERANO (Club)	81,00 €
OFICIAL	60,00 €
TÉCNICO	60,00 €
1Club+1Técnico	210,00 €
Técnico ou oficial+Triatleta (ind)*	123,00 €
Técnico ou oficial+Triatleta (club)	118,00 €
Técnico+Xuíz	107,00 €
CLUB/ORGANIZADOR	180,00 €
ORGANIZADOR/CLUB	180,00 €

* A duplicidade de Licenza de club ou organizador xa só é válida ós efectos censais.Habrá unha única licenza de club válida para organización de probas tamén.

Dºs Inscripción Circuitos Galegos:- (abonase coa licenza de Club):

INDEPENDIENTES 100€

CLUBS 300€